

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

*EXTRACTO da Resolución do 8 de maio de 2017 pola que se aproban as bases reguladoras e se fai pública a convocatoria do Concurso de literatura infantil e xuvenil do Día das Letras Galegas.*

BDNS (Identif.): 346231.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8 a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da Resolución do 8 de maio de 2017 pola que se aproban as bases reguladoras e se fai pública a convocatoria do Concurso de literatura infantil e xuvenil do Día das Letras Galegas, cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

##### Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Poderán optar aos premios as nenas e os nenos galegos con idades comprendidas entre estas dúas categorías: de 9 a 11 anos e de 12 a 14 anos. A idade estará referida á data de finalización do prazo de presentación de traballos.

Non poderán acceder a estes premios as persoas participantes cuxas persoas representantes legais estean afectadas por algunha das circunstancias previstas nos artigos 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os fillos e as fillas dos membros do xurado non poderán presentar textos a esta convocatoria.

##### Segundo. *Obxecto*

Concurso de literatura infantil e xuvenil do Día das Letras Galegas.

Por medio desta resolución establécense as bases reguladoras e anúnciase a convocatoria, baixo o réxime de concorrencia competitiva, do Concurso de literatura infantil e xuvenil do Día das Letras Galegas orientado ás nenas e aos nenos galegos, con idades comprendidas entre estas dúas categorías: de 9 a 11 anos e de 12 a 14 anos.



**Terceiro. Bases reguladoras**

As bases que rexerán serán as contidas na Resolución do 8 de maio de 2017 pola que se convoca o Concurso de literatura infantil e xuvenil do Día das Letras Galegas.

As bases publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*.

**Cuarto. Contía**

Existirán en cada categoría tres premios en metálico, cada un deles coa seguinte dotación económica:

Categorías	De 9 a 11 anos	De 12 a 14 anos
1º premio	250 euros	250 euros
2º premio	200 euros	200 euros
3º premio	150 euros	150 euros

**Quinta. Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo para a presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación destas bases no *Diario Oficial de Galicia*.

**Sexta. Outros datos**

A solicitude, que se deberá formalizar segundo o modelo do anexo I, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>, irá acompañada dun sobre tamaño folio, pechado, coa seguinte inscrición «Concurso de literatura infantil e xuvenil do Día das Letras Galegas», e no cal constarán o pseudónimo e o título do conto. Este sobre incluirá:

1. O texto do conto en folio formato A4. Na cabeceira indicaranse exclusivamente o título do conto presentado e o pseudónimo. Neste texto non poderá figurar ningún dato que permita identificar a persoa participante e romper o anonimato.

2. Un sobre pequeno pechado no cal constarán o pseudónimo e o título do conto. Este sobre conterá os seguintes documentos:

– Boletín de inscrición (anexo II), que estará dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>



– Fotocopia do libro de familia onde consten estes datos: nome, apelidos e idade do/da menor que se presenta ao concurso.

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2017

Sonia Rodríguez-Campo González  
Directora da Escola Galega de Administración Pública

